

GEORGE SAND

As damas verdes

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

I

OS TRES PANS

O meu pai encargárame unha misión moi delicada, de modo que contra finais de maio de 1788 me dirixín ao castelo de Ionis, situado no campo, a unha decena de leguas, entre Angers e Saumur¹.

Andaba eu polos vinte e dous anos e xa exercía a profesión de avogado, pola cal hei de confesar que non sentía unha grande inclinación, aínda que nin o estudo dos negocios nin o da oratoria me supuxesen serias dificultades. Tendo en conta a miña idade, ninguén me consideraba falto de aptitudes, e o talento do meu pai, letrado de sona na localidade, asegurábame unha cumprida clientela para o futuro a pouco que me esforzase en non resultar demasiado indigno de substituílo. Con todo e iso, eu preferiría as letras, unha vida máis soñadora, un uso máis independen-

¹Angers é a capital do departamento de Maine e Loira, situado no oeste de Francia, na rexión do País do Loira. Foi capital histórica e praza forte da antiga provincia de Anjou, así como un dos centros intelectuais europeos no século XV, grazas ao labor do coñecido como o «bo rei René», René d'Anjou (Angers, 1409-Aix-en-Provence, 1480), quen contribuíu a afianzar a economía e instalou na cidade unha corte de sabios e literatos. A posición da cidade nun punto estratéxico motivou o seu desenvolvemento ao longo dos anos até chegar a conformar un centro cultural importante arredor do castelo dos duques de Anjou, construído no século XIII por Luís IX (Poissy, 1214-Tunes, 1270) e convertido en residencia dos duques no século XV. Saumur, pola súa banda, é a subprefectura do departamento de Maine e Loira, río que a atravesa. O século da Reforma foi a grande época de Saumur, pois a burguesía local acolleu con entusiasmo as novas ideas e abrazou o calvinismo.

te e persoal das miñas facultades e unha responsabilidade menos sometida ás paixóns e intereses dos demais.

Como a miña familia pertencía a unha clase acomodada, e dado que eu era o seu consentido e benquerido vinculeiro, ben podería escoller outra carreira, a pesar de que, no caso de facelo, desgustaría o meu pai, quen se alaudaba da súa competencia para me encarrear polo camiño que el se encargara de abrimme. O tenro amor que sentía por el impedíame facer prevalecer os meus instintos sobre os seus desexos.

Aquel serán, tras rematar o paseo de a cabalo polos bosques que arrodean o vello e magnífico castelo de Ionis, foi delicioso. Ía ben montado, vestido como un cabaleiro de aire distinguido e facíame acompañar por un doméstico do que non tiña necesidade ningunha, pero que a miña nai tivera a inocente vaidade de me ofrecer para a ocasión, pois desexaba que o seu fillo se presentase como era debido cas dun dos nosos máis ilustres clientes.

A noite alumábase de maneira tenue co doce esplendor das súas meirandes estrelas. Farrapos de brétema velaban o escintileo daquelas miríades de astros secundarios, que lapexaban coma ollos ardentes durante as noites claras e frías. Lucía un verdadeiro e limpo ceo de verán, mesmo luminoso e transparente, velaíño abondo para non asustar coa súa inconmensurable riqueza. Era, de se me aceptar a expresión, un deses mainos firmamentos que lle permiten a un pensar na terra, admirar as liñas vaporosas dos estreitos horizontes e respirar sen menosprezo a súa atmosfera de flores e herbas, a fin de atreverse a considerar que somos algo na inmensidade e esquecer a nosa condición de átomos no infinito.

A medida que me achegaba ao parque señorial, os silvestres recendos do bosque impregnábanse cos das lilas e os das acacias, que inclinaban as súas cabezas floridas por

